



Informa-t

POSICIÓN DA UGT ANTE A CONSULTA DA PLATAFORMA 0-3

A UGT comparte plenamente a necesidade de dignificar o **sector da educación infantil 0-3 anos**, tanto no eido público coma no privado. Coincidimos en que é imprescindible **avanzar** en melloras laborais e salariais. Debe recoñecerse o **valor social e educativo** dunha etapa que require coidados especializados e que os rateos actuais dificultan unha **atención de calidade**.

Participación das traballadoras nas mobilizacións

A UGT entende e respecta que as traballadoras e traballadores decidan libremente sumarse ás mobilizacións convocadas pola *Plataforma 0-3*. A participación individual é lexítima e forma parte do exercicio democrático dos dereitos laborais.

Limitacións actuais das mobilizacións no sector

Como organización, xa participamos en diferentes accións reivindicativas —manifestacións e mesmo folgas— que, por desgraza, non xeraron resultados positivos. O principal motivo é:

- A existencia de servizos mínimos excesivos, que impiden un paro efectivo do sector e, polo tanto, reducen o impacto social da protesta.
- **Na situación actual, unha folga pode ter un efecto contraproducente:** beneficia economicamente á patronal, que deixa de pagar xornadas, sen contribuír a avances reais nas negociacións.

Sobre o manifesto da Plataforma 0-3

Detectamos **dificultades** para trasladar o documento a un espazo de negociación efectivo:

- **Non se concretan** medidas negociables que podan ser defendidas nunha mesa.
- **Mestúranse reivindicacións** de tres realidades laborais distintas, xerando dúbidas sobre as

mesas de negociación nas que debería situarse cada proposta:

- pública (Galiñas Azuis),
- privada de xestión directa,
- privada de xestión indirecta.

Liñas de traballo da UGT no sector 0-3

A UGT centra a súa acción sindical en **medidas concretas e negociables**:

- **Negociación** de convenios colectivos.
- Participamos activamente nas mesas, coa vontade de **avanzar e pechar acordos**. Non asinar un convenio pode parecer unha postura digna, pero adoita traducirse en anos de inmovilismo salarial.
- Negociación con consellerías de **complementos autonómicos**.
- Defendemos a **creación de complementos específicos**, seguindo o exemplo das Illas Baleares, co obxectivo de estender este modelo ao resto de comunidades.
- Negociación directa coas **empresas**.
- Traballamos para lograr melloras salariais e garantir o cumprimento dos dereitos laborais.

Conclusión

A UGT comprende e respecta a vontade das traballadoras de apoiar as mobilizacións da *Plataforma 0-3*. Porén, consideramos que **as medidas propostas non se axustan ás necesidades estratéxicas do sector** nin ás condicións actuais para obter avances reais.

A nosa **prioridade** é seguir traballando en **espazos de negociación efectivos, con propostas concretas e viables** que permitan mellorar progresivamente as condicións laborais e profesionais do persoal de infantil 0-3.